



Concello de Cangas

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 16 DE MAIO DE 2016**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 16 de maio de 2016

HORA DE COMEZO: 11:15 h.

HORA DE REMATE: 11:50 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D<sup>a</sup> Mercedes Giráldez Santos, D. Xoan Carlos Chillón Iglesias, D<sup>a</sup> Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Andrés García Bastón e D. Heitor Mera Herbello.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 2 DE MAIO DE 2016**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 2 de maio de 2016.

### **OBRAS E SERVIZOS**

#### **2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN**

##### **2.A) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:



**Concello de Cangas**

<b>NOME</b>	<b>LUGAR INSTALACIÓN</b>
J.B.G.	Vilariño, nº 70-72 (edificio Covelo)-O Hío. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 740, concedido en X.G.L. do día 06.05.2009 ao interesado en Vilariño, nº 70-O Hío. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

**2.B) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE PASO ELEVADO NA AVDA. DA CORUÑA E REBAIXE DE BEIRARRÚA EN PANCHO EIROA**

Examinada a solicitude presentada o día 10.05.2016 por A.P.C., na que demanda diversa sinalización, consistente en paso elevado na Avda. da Coruña e rúa Pancho Eiroa, así como rebaixe de beirarrúa, para facilitar o acceso de persoas con mobilidade reducida e carros de bebés.

Dase conta, así mesmo, de informe emitido o día 15.05.2016 pola Policía Local, que indica o seguinte:

*"Nº REX: 911/16*

*ASUNTO: SOLICITUDE DE PASO ELEVADO NA AVDA. DA CORUÑA E REBAIXE DA BEIRARRÚA EN PANCHO EIROA*

*Os axentes da Policía Local de Cangas con nº de identificación 052024 e 052027, por medio do presente informe fan constar:*

*Que con relación á solicitude presentada por A.P.C., os axentes informan que vista a solicitude, consideran que elevar o paso de peóns na Avda da Coruña, deberase remitir ao órgano competente, pois non é unha vía do concello.*

*En canto ao rebaixe da beirarrúa non existe inconveniente, pois é certo que non hai paso rebaixado facendo imposible a circulación de cadeiras de minusválidos".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:



## Concello de Cangas

PRIMEIRO.- Aprobar o informe emitido pola Policía Local, transcrito anteriormente.

SEGUNDO.- Remitir o presente acordo á solicitante, así como, á Xefatura Provincial de Estradas, por ser o órgano competente na estrada da Avda. da Coruña.

### 2.C) INFORME DA POLICÍA LOAL S/SOLICITUDE DE APARCAMENTO EN LIÑA NA AVDA. DE GALICIA

Vista a solicitude presentada o día 11.05.2016 por S.A.G., administrador da comunidade de propietarios "Garajes Pórtico", sito nas rúas Aragón, Avda. de Galicia e San José, no que demandan sinalización horizontal con pintado de liñas amarelas na parte da beirarrúa da marxe esquerda da rúa Aragón, para mellorar a visibilidade á saída da referida rúa.

Dase conta, así mesmo, de informe emitido ao respecto o día 15.05.2016 pola Policía Local, que indican o seguinte:

*"Nº REX: 910/16*

*Os axentes da Policía Local de Cangas con nº de identificación 052024 e 052027, por medio do presente informe fan constar:*

*Que con relación á solicitude presentada por S.A.G como administrador da comunidade de propietarios de garaxes 'Pórtico', os axentes informan que vista a solicitude, consideran que poñer o aparcamento en liña, isto xeraría un espazo que sería aproveitado para aparcarse en dobre fila, taponando tamén a visibilidade.*

*Os axentes consideran que se pode reforzar a seguridade á saída da rúa Aragón cun espello colocado na farola sita detrás dos colectores do lixo, permitindo dese xeito ter visibilidade á saída.*

*No referente ao pintado das liñas amarelas non existe inconveniente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente o informe emitido pola Policía Local.



Concello de Cangas

## **URBANISMO E PATRIMONIO**

### **3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 12 DE MAIO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

#### **3.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

3.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.



## Concello de Cangas

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 25.889.- A D.H.B., para en Outeiro-Balea, nº 42 (referencia catastral 36008A050003350000JS), en solo non urbanizable de núcleo rural, regulado pola Ordenanza 9, ampliar unha vivenda unifamiliar de 123,03 m<sup>2</sup>., de planta primeira e 12,03 m<sup>2</sup>., de terrazas, de conformidade co proxecto básico e de execución do arquitecto G.V.G., visado con data 11.03.2016, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 6 de maio de 2016.

Simultaneamente á edificación deberá complementar a urbanización das frontes de parcela aceptándose o aval en garantía desta por importe de cincocentos corenta e un euros con noventa e tres céntimos (541,93 €).



## Concello de Cangas

### 3.A.2) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 25.432.- A PISCÍCOLA DEL MORRAZO, SA, con enderezo en Nerga, s/n-O Hío, para no referido lugar, substituír un depósito por un depósito criogénico, foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

### 3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 23.050.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.943.- A Y.B.S., con enderezo na Avda. de Bueu, nº 32-2ª, modifícaselle a referida licenza de conformidade coa documentación presentada en data 7 de marzo de 2016.



Concello de Cangas

#### **4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

##### OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.619.- A M.G.G., acondicionar interior e exteriormente unha edificación tradicional en Igrexario, s/n-O Hío-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.902.- A A.B.C., limpeza cuberta e pintado de aleiros en Estrada a Bueu, nº 73- Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.903- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "LONGAN 9", formigonado de patio en rúa Longán, nº 9-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.904.- A J.S.A., reparación de cuberta nas Gruncheiras, nº 28-A-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.909.- A M.P.P., pintado de fachadas en Camiño de Gorgullón, nº 6- Vilariño-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.913.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS LONGAN, pintado de fachadas e reparación de terraza na rúa Atranco, nº 2-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.916.- A F.L.M., pintado de fachadas en Camiño do Medio da Aldea, nº 7-Erbello-Aldán-Cangas.

##### **FACENDA**

#### **5º .- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

##### **5.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías aos seguintes solicitantes:



## Concello de Cangas

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
CONSTRUCCIONES A. VARELA VILLAMOR, SL	AVAL	4.147,25 €	OBRA PAVIMENTACIÓN RÚA CEGA

### 5.B) DENEGACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Presentado escrito en data 15 de abril de 2016 (Rex. Nº 4584) por F.J.M.G, en nome e representación de "Villasenín, SA", en relación ao acordo de Xunta de Goberno Local adoptado na súa sesión de data 21 de marzo de 2016, polo que se denegou a devolución do aval constituído por importe de seis mil oitocentos tres euros con doce céntimos (6.803,12 €) en concepto de garantía definitiva, en tanto non finalice o prazo de garantía de un ano da contratación do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Cangas durante os cursos escolares 2013/14 e 2014/15.

Visto que a alegación se fundamenta no artigo 102.5, que literalmente di:

*"Transcorrido un ano desde a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o artigo 100.*

*Cando o importe do contrato sexa inferior a 1.000.000 de euros, se se trata de contratos de obras, ou a 100.000 euros, no caso doutros contratos, ou cando as empresas lidiadoras reúnan os requisitos de pequena ou mediana empresa, definida segundo o establecido no Regulamento (CE) n.º800/2008, da Comisión, do 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado e non estean controladas directa ou indirectamente por outra empresa que non cumpra tales requisitos, o prazo reducirase a seis meses".*

Visto que a actual redación do artigo 102.5 foi introducida polo artigo 46 da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización e está vixente desde o 29 setembro 2013.

Visto que o contrato de servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Cangas durante os cursos escolares 2013/14 e 2014/15 foi adxudicado con anterioridade á data de entrada en vigor da nova redación do artigo 102.5, polo que non lle resultaría de aplicación a esta.





## Concello de Cangas

Visto que o artigo 31 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato establece literalmente que: *"O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de UN ANO, a contar desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularon reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista"*.

Visto que de conformidade co disposto a cláusula primeira do documento formalizador do contrato administrativo de servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de cangas durante os cursos escolares 2013/2014 e 2014/2015 a empresa VILLASENÍN S.A obrigouse a execución do contrato administrativo consistente na prestación do "Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os Centros de Educación Infantil e Primaria dependentes do Concello de Cangas durante os cursos escolares 2013/14 e 2014/15", de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que figuran no expediente, documentos contractuais que aceptou incondicionalmente e sen reserva ningunha.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

\* Desestimar, polos motivos expostos, o recurso presentado por Francisco J.M. G, en nome e representación de "Villasenín, SA", mediante escrito de data 15 de abril de 2016 (Rex. Nº 4584), non procedendo a devolución do aval constituído por "Villasenín, SA", por importe de seis mil oitocentos tres euros con doce céntimos (6.803,12 €) en concepto de garantía definitiva por non ter transcorrido un ano desde a data de recepción do traballo, dado que o contrato rematou o 19 de xuño de 2015.

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/das Sres./Sras. concelleiros/concelleiras asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

### **A) PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE**



Concello de Cangas

## **TRASLADO DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 45 AO POSTO Nº 11 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS:**

Dase conta de proposta do día 11.05.2016 da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a solicitude de autorización de traslado de posto nº 45 de venda de peixe ao posto nº 11 do Mercado Municipal de Abastos, que di o seguinte:

*"Ref.: Pz 16/001 (ADL)*

*PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL RELATIVA Á SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE TRASLADO DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº 45 AO POSTO Nº 11 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS*

### **ANTECEDENTES:**

*1º.- Por escrito de rexistro de entrada nº 13770 de 26/10/2015 D.P.B, adxudicatario do posto de peixe número 45 da Praza de Abastos Municipal de Cangas (zona anexo ou 'praza pequena'), solicita o traslado a un dos postos baleiros do edificio principal da Praza de Abastos, o nº 11.*

*2º.- Consultados os conserxes da Praza de Abastos sobre o estado dos postos baleiros na actualidade no edificio principal do mercado e en concreto sobre a posibilidade de traslado ao posto número 11, emiten informe de data 23 de marzo de 2016, rexistro de entrada nº 3682 do 23/03/2016, indicando que o titular do posto número 11, baleiro por baixa definitiva segundo consta no seu expediente, 'xa procedeu a reparar os pequenos desperfectos que había'.*

*3º.- Visto o anterior polo Concello deuse trámite de audiencia sobre a solicitude formulada ao resto de concesionarios/as sen que no prazo outorgado para tal efecto se fixera alegación ningunha nin se manifestase oposición.*

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

*PRIMEIRO.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente regula o traslado de postos no artigo 29. En concreto este artigo establece que: 'o Concello, poderá trasladar de posto a calquera concesionario sempre e cando esta decisión se xustifique na necesidade de realizar obras de conservación ou mellora do recinto, ou calquera outra circunstancia de carácter análogo que redunde en beneficio para a xeneralidade dos usuarios'.*



## Concello de Cangas

*A concentración de postos baleiros prexudica a imaxe comercial do Mercado de Abastos, sobre todo na nave central do edificio, de maior exposición e visibilidade. Por outra banda, consultados os concesionarios/as da 'praza pequena', non manifestan oposición ao traslado de posto solicitado polo interesado.*

*SEGUNDO.- Do que antecede e segundo a documentación que se achega, resulta que estamos ante un suposto de traslado de postos permitido no regulamento no artigo 29, en concreto no caso de 'circunstancia de carácter análogo que redunde en beneficio para a xeneralidade dos usuarios'.*

*TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para adxudicar os postos do mercado, polo que de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas cabe outorgar a autorización solicitada.*

*Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Estimar a solicitude e autorizar o traslado ao posto nº 11 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas a D.P.B., deixando constancia no expediente dos postos e advertindo que o traslado non supón ningún cambio no réxime da concesión máis alá do traslado de posto.*

*SEGUNDO.- Outorgar un prazo de quince días ao interesado para que efectúe o traslado autorizado debendo comunicar este ao Concello cando o faga efectivo, co fin de que polos servizos técnicos municipais se comprobem as condicións do posto que deixa, advertíndolle que de existir algunha deficiencia deberá facerse cargo destas.*

*TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, a Concellería de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, aos conserxes da praza, así como a Tesourería".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da concelleira de Desenvolvemento Económico e Emprego Local, referente a solicitude de autorización de traslado de posto nº 45 de venda de peixe ao posto nº 11 do Mercado Municipal de Abastos.

**B) SOLICITUDE DE JOSE ANGEL RODAS GONZÁLEZ S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN CRISTOVO-2016**



## Concello de Cangas

Vista a solicitude presentada o día 11.05.2016 por J.A.R.G., referente a solicitude de autorización municipal para a celebración no mes de xullo das Festas de San Cristovo-2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda denegar a solicitude realizada polo Sr. R.G., por coincidir con outros eventos que se celebran no mesmo período.

### **C) SOLICITUDE DA EMPRESA "CORREVEYDILE, SC" S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA REALIZACIÓN DE FESTIVAL DE CERVEXA ARTESÁ**

Examinada a solicitude presentada o día 29.04.2016 por M.M.G., en representación da empresa "CORREVEYDILE, SC", na que demanda autorización municipal para a realización de FESTIVAL DE CERVEXA ARTESÁ, coa participación de pequenos produtores, a situar na Alameda Nova enfronte das naves de Ojea onde se instalará unha carpa de 10 x 25 m., durante os días 15, 16 e 17 de xullo do ano que andamos, polo que, así mesmo, solicitan a colaboración do concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar á empresa "CORREVEYDILE, SC", con NIF Nº J70353743, para a realización de FESTIVAL DE CERVEXA ARTESÁ, coa instalación de unha carpa de 10 x 25 m., na Alameda Nova enfronte das naves de Ojea, durante os días 15, 16 e 17 de xullo do ano que andamos, condicionada a presente autorización á constitución do correspondente aval.

SEGUNDO.- Non se concede autorización aos pedimentos de colaboración económica; instalación de sanitario portátil; e reforzo de limpeza e recollida de lixo.

TERCEIRO.- Que polos servizos municipais se proceda a colaborar cos seguintes pedimentos:

- Conexión á rede de abastecemento auga.
- Conexión á rede de subministración eléctrica.
- Instalación de colectores de lixo.



Concello de Cangas

## **B) SOLICITUDE DE JOSE ANGEL RODAS GONZÁLEZ S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE SAN CRISTOVO-2016**

Vista a solicitude presentada o día 11.05.2016 por J.A.R.G., referente a solicitude de autorización municipal para a celebración no mes de xullo das Festas de San Cristovo-2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda denegar a solicitude realizada polo Sr. R.G., por coincidir con outros eventos que se celebran no mesmo período.

## **C) SOLICITUDE DA EMPRESA "CORREVEYDILE, SC" S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA REALIZACIÓN DE FESTIVAL DE CERVEXA ARTESÁ**

Examinada a solicitude presentada o día 29.04.2016 por M.M.G, en representación da empresa "CORREVEYDILE, SC", na que demanda autorización municipal para a realización de FESTIVAL DE CERVEXA ARTESÁ, coa participación de pequenos produtores, a situar na Alameda Nova enfronte das naves de Ojea onde se instalará unha carpa de 10 x 25 m., durante os días 15, 16 e 17 de xullo do ano que andamos, polo que, así mesmo, solicitan a colaboración do concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Autorizar á empresa "CORREVEYDILE, SC", con NIF Nº J70353743, para a realización de FESTIVAL DE CERVEXA ARTESÁ, coa instalación de unha carpa de 10 x 25 m., na Alameda Nova enfronte das naves de Ojea, durante os días 15, 16 e 17 de xullo do ano que andamos, condicionada a presente autorización á constitución do correspondente aval.

SEGUNDO.- Non se concede autorización aos pedimentos de colaboración económica; instalación de sanitario portátil; e reforzo de limpeza e recollida de lixo.

TERCEIRO.- Que polos servizos municipais se proceda a colaborar cos seguintes pedimentos:

- Conexión á rede de abastecemento auga.
- Conexión á rede de subministración eléctrica.



**Concello de Cangas**

- Instalación de colectores de lixo.

#### **D) SOLICITUDE DE ATENEA LORENZO FERNÁNDEZ S/AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE SAÚDE E BENESTAR**

Examinado o escrito presentado o día 06.05.2016 por A.L.F., quiromasaxista profesional, no que demanda autorización municipal para a realización de actividades de saúde de benestar con masaxes terapéuticas na Praia de Arneles.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Informar desfavorablemente a solicitude realizada pola Sra. L.F., para realización de actividades de saúde de benestar con masaxes terapéuticas na Praia de Arneles.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada, así como, ao Servizo Provincial de Costas de Pontevedra achegado da solicitude, por ser este órgano competente para autorizar dita actividade.

#### **ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
o presidente